

GAÑADORA na categoría de BACHARELATO

PAULA ESTÉVEZ CASALES

IES Castelao (Vigo)

*Leva un mes chovendo. Leva un mes marcando, a campá da catedral, un tempo submarino,
lento e baleiro.*

XOSÉ LUÍS MÉNDEZ FERRÍN

BÁRATRO

Coido que fai un mes desde que comezou, pero podería ter sido unha semana ou un ano: a chuvia bate contra a fiestra e as pingas, grosas, esvaran polo cristal como obscenas criaturas esvaecidas. Semellan vermes: mesmo poderían selo. Quizais, penso, se saco a man e atrapo algúns logre convencer ao meu pai de ir pescar cando o temporal amaine.

Si, iso vou facer.

Cravo as unllas no marco da ventá e abro a xanela. Apenas sinto o cristal baixo os dedos: é case coma se non estivese aí.

Os bichos, atraídos pola calor do cuarto, botan a correr polos meus brazos. A caricia da súa pel provoca unha sensación agradable: creo que podería saír voando se mo propuxese. Vou intentalo.

Un berro obrígame a ficar no chan. É a voz da miña vella, pero algo está mal: escóitase coma se se atopase a un mundo de distancia e non na porta do dormitorio.

Pregúntame, histérica, que carallo fixen (merda, non entendo por que se pon así por unhas lombrigas de nada), cruza o abismo que nos separa e agárrame polos brazos sen deixar de gritar: semella preocupada, case coma se o parvo do seu fillo acabase de cortar os pulsos cunha navalla e estivese a sangrar como un porco.

Sangrando... Paréceme que é certo: agora escoito, xunto coa chuvia, un ruído máis profundo, melancólico, de pingas vermellas caendo no chan. Descoñezo se é outra alucinación, pero dáme igual. Sinto que formo parte da tormenta e ese pensamento resulta consolador dabondo.

A vella chora; os vermes vomitan gargalladas. Eu floto cara a eles, pensativo.

Entón boto a rir: acabo de lembrar que odio a pesca.

